
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/103-1
Entidade.	CONFRARÍA DE CABO DE CRUZ	
Plan de Explotación	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime	AUTORIZACIÓNS	
Modalidade	EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>), ameixa bicuda (<i>Venerupis aurea</i>), ameixa rubia (<i>Venerupis rhomboideus</i>), carneiro (<i>Venus verrucosa</i>) e reló (<i>Dosinia exoleta</i>)
Ámbito do plan	Autorizacións administrativas: entre punta Peralto e Pedra Sartaña; entre Pedra Sartaña e punta Careixo; entre punta Careixo e punta Cabo de Cruz; de punta Cabo de Cruz a punta Chazo e entre punta Chazo e punta Pedra Rubia.
Subzonas de explotación	Barraña, Carregueiros, Ladeira do Chazo e Mañóns

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadores a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	82	91
Ampliación do número de permex		NON
Mariscadores a pé	Embarcacións	Tripulantes
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		196										
Época y zona probable de extracción												
Modalidade:												
xan	feb	mar	abril	maio	Xuño	xullo	Agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X			X	X	X	X		X	X	

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ameixa babosa	-	-	8,5 kg
Ameixa fina	-	-	2,25 kg
Berberecho	-	-	31,5 kg
Ameixa xaponesa	-	-	2,25 kg
Ameixa bicuda	-	-	Ver consideracións
Ameixa rubia	-	-	Ver consideracións
Carneiro	-	-	Ver consideracións
Reló			Determinarase na resolución de apertura

Artes a empregar	Rastro de ameixa e raño con separación entre varillas de 17 mm e rastro de berberecho coas medidas establecidas polo Decreto 424/93.
-------------------------	--

Puntos de Control	Situado na lancha control da confraría desprazada á zona de traballo.
Puntos de venda	Lonxa de Cabo de Cruz.



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epoas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X			X						
Zonas: Ladeira do Chazo e Ribeira Grande												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar						X	X	X				
Zonas: Áreas con maior produción a áreas improdutivas.												
Especies: Ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras						X	X	X	X			
Zonas: Praias de Carregueiros, Retorta, Mañóns e Ladeira do Chazo.												
Especies: Ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados						X	X	X	X			
Zonas: Traslados de xuvenís de zonas con maior produción a áreas improdutivas para poder regular as densidades.												
Especies: Ameixa fina e ameixa babosa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos						X	X	X	X			
Zonas: Zonas onde teña lugar unha elevada acumulación de individuos que serán trasladados a áreas con menor concentración.												
Especies: Ameixa fina, ameixa babosa e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados					X	X	X					
Zonas: Operacións de limpeza de algas cando sexa preciso nas zonas onde se acumulen.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ámbito do plan: De cara a una mellor xestión das autorizacións desta confraría, divídense en 4 as zonas de extracción:

- Barraña: dende a desembocadura do Río Coroño ata o porto de Cabo de Cruz, incluíndo a zona denominada Corvera.
- Carregueiros: dende o porto de Cabo de Cruz ata a punta do Chazo, incluíndo as inmediacións da Illa Venza e a praia da Retorta.
- Ladeira do Chazo: dende Punta do Chazo ata rampla de Angados.
- Mañóns: dende a rampla de Angados ata punta Pedra Rubia.

Participantes: Inclúe un listado de 84 embarcacións, cando conforme aos datos da Consellería son 82 as embarcacións asociadas á Confraría de Pescadores de Cabo de Cruz con "marisqueo Z3" no seu permiso de explotación. A embarcación non ten no seu permiso de explotación o "marisqueo Z3" senón que dispón de "libre marisqueo", e a embarcación non conta co recurso "marisqueo Z3" no seu permiso de explotación.

Cotas máximas de captura: Os resultados das mostraxes realizadas desaconsellan acceder ao



incremento proposto da cota máxima de captura de ameixa xaponesa con respecto ao plan en vigor, polo que queda fixada en 2,25 kg/tripulante/día.

A cota máxima de captura para ameixa bicuda, ameixa rubia e carneiro, axustarase ao que estableza a Orde que regule o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2011 para zonas de libre marisqueo non suxeitas a plan específico.

Artes: Apróbase o emprego do raño cunha separación entre varillas de 17 mm xa que é unha medida máis restritiva que a establecida no Decreto 424/1993, e do rastro de berberecho coas medidas establecidas polo Decreto 424/93.

Puntos de control: Defínese a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, nos que se rexistra o número de tripulantes, se revisan as embarcacións, se controlan os cupos e tallas e se expide un vale coa información recollida a cada embarcación. A información do vale contrastarase, posteriormente, cos datos de venda en lonxa. En canto sexa elixida a nova directiva da agrupación de marisqueo a flote, tanto o presidente da agrupación como calquera membro da directiva, poderán colaborar nas labores do punto de control.

Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008: *“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”*.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Traballos de semicultivo: As actividades previstas neste plan considéranse axeitadas para a mellora da produción, non sendo así a proposta de que se realicen os sábados, posto que a lexislación vixente obriga ao descanso continuado de 48 horas as fins de semana ás embarcacións da 3ª lista. A asistencia a estes traballos é obrigatoria para os participantes deste plan. En canto sexa elixida a nova directiva da agrupación de marisqueo a flote, co asesoramento da asistencia técnica da confraría, será a responsable da organización destes traballos, así como da conformación e distribución dos grupos. Namentres, a responsabilidade será do Patrón Maior da confraría. Unha vez rematada a xornada faráselle entrega dun xustificante a cada mariscador.

Vixilancia: No plan establécese que os mariscadores participarán nas vixilancias, principalmente nocturnas, tódolos días da semana, incluso as fins de semana. A asistencia a estes traballos é obrigatoria para os participantes deste plan. En canto sexa elixida, a nova directiva da agrupación de marisqueo a flote será a responsable da organización destas vixilancias e do control da asistencia mediante a entrega dun xustificante a cada mariscador. Namentres, a responsabilidade da organización e control de asistencias será do Patrón Maior da confraría.

Réxime sancionador: O plan reflicte que o incumprimento das normas por parte dos mariscadores poderá ser sancionado conforme ao establecido nos estatutos da confraría ou na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, ante a Consellería do Mar. Lembrar que primeiramente habería que iniciar o procedemento sancionador oportuno.

En calquera caso, a persoa afectada poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a Administración sobre as confrarías non inclúe ó réxime sancionador (artigo 3º do Decreto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

Recomendacións para a mellora do plan:

- Recoméndase un maior esforzo na realización do plan financeiro no que se recollan os gastos e ingresos que se xeneran no desenvolvemento deste plan.